

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS PARA A VALIDACIÓN OU A EXENCIÓN DE MATERIAS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DO BACHARELATO E MATERIAS DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE MÚSICA E DE DANZA OU A CONDICIÓN DE DEPORTISTA DE ALTO NIVEL OU DE ALTO RENDEMENTO

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

O Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades dispón no seu artigo 1 que lle corresponden a esta consellería, entre outras competencias e funcións, a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, e a coordinación do sistema universitario, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e demais normativa de aplicación.

A Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro modificou a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación definindo unha nova ordenación do sistema educativo que implicou a desaparición ou a modificación de materias que viñan sendo obxecto de validación, así como a introdución doutras novas materias que se consideran susceptibles de ser validadas. Así, o artigo 47 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, sinala que as administracións educativas facilitarán a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria, e que para tal fin se poderán adoptar as oportunas medidas de organización e de



ordenación académica, que incluírán, entre outras, as validacións e a creación de centros integrados.

O Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento recolleu no seu artigo 9 a posibilidade de exención da materia de Educación Física para aquelas persoas que acrediten a consideración de deportista de alto nivel ou de alto rendemento. Do mesmo xeito, cómpre considerar esta posible exención para o alumnado que cursa ensinanzas profesionais de danza, xa que dedica unha parte importante da súa xornada ao exercicio físico.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, e o Decreto 204/2007, do 11 de outubro, polos que se establecen, respectivamente, os currículos das ensinanzas profesionais de réxime especial de música e de danza, dispoñen que a consellería, no marco da normativa básica vixente, regulará as medidas necesarias para que o alumnado poida cursar simultaneamente as ensinanzas profesionais de danza e de música e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

O Real decreto 242/2009, do 27 de febreiro, polo que se establecen validacións entre as ensinanzas profesionais de música e de danza e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, así como os efectos que sobre a materia de Educación Física deben ter a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento e as ensinanzas profesionais de danza, dispuxo as validacións entre as ensinanzas profesionais de música e de danza e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

O Real decreto 14/2023, do 17 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 242/2009, do 27 de febreiro, adaptou as disposicións que regulaban as validacións das materias de bacharelato coas ensinanzas profesionais de música e de danza á nova ordenación derivada da implantación da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro.

A disposición adicional sexta do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e disposición adicional quinta do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, recollen que a consellería con competencias en materia de educación facilitará a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria obrigatoria e que, con ese fin, poderá adoptar as oportunas medidas de organización e de ordenación académica que inclúan, entre outras, as validacións entre materias



2. Necesidade e oportunidade

A norma que regula actualmente as validacións e exencións de materias na Comunidade Autónoma de Galicia é a Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral.

Tendo en conta o anterior marco normativo procede actualizar a normativa que viña regulando as validacións e exencións das materias da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato coas ensinanzas profesionais de música e de danza.

Así, o proxecto de orde pretende:

- Regular as validacións entre materias da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de música e de danza, tendo en conta a nova regulación do sistema educativo.
- Regular as exencións da materia de Educación Física para o alumnado que acredite ter a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento, ou realice estudos das ensinanzas profesionais de danza.
- Establecer medidas de ordenación académica e de coordinación entre as ensinanzas de música e de danza e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Establecer o procedemento e os prazos tanto para a solicitude de validación de materias como de exención da materia de educación física

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de orde foi elaborado como anteproxecto pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de 24 de xaneiro de 2023, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteproxecto.
- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.



- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico de data 13 de abril de 2023

De acordo co artigo 41.2 da citada lei, o texto da proposta normativa expúxose publicamente na fase "Consultas abertas" da sección "Consulta pública previa" do Portal de Transparencia e Goberno Aberto durante o período comprendido entre o 26/01/2023 e o 09/02/2023. Nese prazo non se recibiu ningunha achega/opinión.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de orde polo conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o 17 de abril de 2023, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

De conformidade co artigo 41.5 da mesma norma, consta certificado emitido o 19 de maio de 2023 pola directora da Área de Administración dixital na Amtega, no que se dá conta de que no período comprendido entre o 18/04/2023 e o 10/05/2023 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno) se expuxo publicamente no portal de Transparencia e Goberno Aberto o texto íntegro do proxecto de orde, non recibíndose ningunha achega/ suxestión.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral da Igualdade e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que se emitiron o 4 de maio de 2023 e o 7 de xuño de 2023, respectivamente

En cumprimento do disposto no artigo 42.1 da Lei 16/2010, remitiuse ás demais consellerías da Xunta de Galicia o proxecto de orde para os efectos da emisión do informe que puidera esixir a lexislación vixente. Non se recibiron observacións neste trámite.

A Asesoría Xurídica Xeral emitiu informe o 9 de xuño de 2023.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, informo favorablemente o proxecto de orde pola que se establecen medidas para a validación ou a exención de materias da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de música e de danza ou a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento

Santiago de Compostela

Manuel Vila López
Secretario xeral técnico

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Secretaría Xeral Técnica
Edificio Administrativo San Caetano, nº 2, baixo
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)